



***Resolución do 17 de novembro de 2017 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convocan exames ordinarios de carácter libre para as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.***

De conformidade co establecido no apartado 4, do artigo 17 da Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 156 do 19/08/2014), a dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro poderá convocar anualmente, nos seus centros de ensino, un exame ordinario de carácter libre para as titulacións recollidas nesta orde.

Esta dirección xeral no uso das facultades que lle confire o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 221 do 19/11/2015) e a disposición derradeira primeira da antedita Orde de 31 de xullo de 2014, resolve convocar os exames ordinarios de carácter libre para as titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

**1. Obxecto.**

O obxecto desta resolución é convocar e fixar as datas e os lugares de realización das citadas probas para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

**2. Normais xerais.**

Os exames teóricos e prácticos, os contidos formativos, as condicións de acceso e a documentación necesaria para a matrícula será a establecida pola Orde de 31 de xullo de 2014 e a súa corrección de erros (DOG núm. 161 do 26/08/2017).

Os exames teórico-prácticos realizaranos os tribunais que se constituán de conformidade co establecido no artigo 18 da citada Orde.

**3. Solicitude, documentación e procedemento de matrícula para presentarse aos exames teórico-prácticos.**

As persoas candidatas solicitarán a correspondente matrícula segundo o indicado no artigo 7 da Orde do 31 de xullo de 2014. Terán que cumprimentar a solicitude que figura como anexo II da citada Orde (procedemento PE607C). O modelo de solicitude estará tamén dispoñible na Guía de Procedementos e Servizos no seguinte enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.



Ademais terán que cumprir as condicións de acceso establecidas no artigo 4 para as distintas titulacións.

As persoas interesadas deben achegar coa solicitude a seguinte documentación para poder presentarse aos exames teórico e prácticos:

- a. Copia do título profesional ou, de ser o caso, copia da folia do caderno marítimo onde se acredite estar en posesión do dito título (soamente para patrón/a local de pesca e patrón/a costeiro/a polivalente).
- b. Certificado de formación mínima de estudos ou, de ser o caso, declaración responsable de ter coñecementos básicos de lecto-escritura segundo o cadro que figura no propio anexo (para mariñeiro/a pescador/a).
- c. Declaración responsable de posuír aptitude física para realizar unha proba de natación previa á realización do exame de coñecementos teórico-prácticos de mariñeiro/a pescador/a (para mariñeiro/a pescador/a).
- d. Xustificante do aboamento das taxas que outorgan o dereito ao exame segundo o establecido na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (BOE núm. 12, do 14/01/2004) e na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 (DOG núm. 249, do 31/12/2015).

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados con anterioridade, sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos eses documentos. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave/365>)

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse directamente nos centros oficiais de ensino pesqueiro dependentes da dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro onde se examinen os/as aspirantes, e poderán informarse nas súas secretarías.

Unha vez finalizado o prazo de matrícula para presentarse os exames ordinarios de carácter libre para as titulacións obxecto desta resolución e que aparece indicado no anexo I, farase pública a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas no portal web de



formación da Consellería do Mar <http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado> e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino pesqueiro, dando un prazo de 10 días hábiles para que as persoas excluídas poidan emendar as deficiencias, de acordo co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común e das administracións públicas.

Os/as aspirantes que non procedan a realizar as emendas no prazo indicado no apartado anterior implicará a perda da taxa e o dereito a realizar o exame. O feito de figurar na relación da listaxe provisional non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada a posesión dos requisitos esixidos neste procedemento.

As listaxes definitivas das persoas admitidas e excluídas se publicarán no portal web de formación da Consellería do Mar e nos taboleiros de anuncios de cada centro oficial de ensino pesqueiro

#### 4. Protección de datos.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorízase polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico á [sxt.mar@xunta.gal](mailto:sxt.mar@xunta.gal).

#### 5. Datas e lugares de exame.

As datas dos exames teóricos e prácticos, así como os lugares onde se realizarán aparecen indicados no anexo I desta resolución.

No caso de non presentarse ao exame non dará lugar ao cambio ou a devolución da taxa de matrícula.

Se precisa un mínimo de 15 persoas matriculadas para realizar calquera dos exames ordinarios de carácter libre nun centro de ensino. No caso de non acadarse este mínimo requirido non se poderá facer o exame en dito centro. Neste caso, as persoas matriculadas deberán realizar o exame no lugar indicado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

As horas dos exames serán anunciadas no portal web de formación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios de cada centro de ensino.

#### 6. Desenvolvemento das probas.

Rematados os exames, o/a secretario/a do tribunal publicará no portal web de formación da Consellería do Mar e nos taboleiros de anuncios dos centros correspondentes unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, cando sexan tipo test, co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar o resultado do seu exercicio.



Unha vez corrixidos os exames teóricos e prácticos, o tribunal fará públicas no taboleiro de anuncios do centro de ensino as listas provisionais das cualificacións, así como no portal web de formación da Consellería do Mar.

Os/as interesados/as disporán dun prazo de 10 días hábiles dende a publicación no portal web de formación da Consellería do Mar para formular reclamacións ante o tribunal sobre as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coa lista das persoas que superaron as probas. Estas resolucións serán publicadas no taboleiro de anuncios do centro e no portal web de formación da Consellería do Mar

#### 7. Requisitos para obtención do título.

Unha vez superadas as probas para obter o título de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente, deberán reunir os requisitos establecidos no Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro polo que se regulan os títulos profesionais de sector pesqueiro (BOE núm. 41 do 17/02/2014).

#### 8. Temarios dos exames e criterios de corrección.

Os temarios oficiais de exame son os recollidos na Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia e na súa corrección de erros (DOG núm. 156 do 19/08/2014 e DOG núm. 161 do 26/08/2014).

Os criterios de corrección dos exames de cada titulación están establecidos nos anexos III, IV e V da Orde do 31 de xullo de 2014 e na súa corrección de erros.

#### 9. Recursos.

Contra as resolucións do/a presidente/a do tribunal os/as interesados/as poderán interpor recurso de alzada perante a Conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación da listaxe das notas definitivas no portal web de formación da Consellería do Mar.

Contra a resolución desta convocatoria poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante a Conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo



ANEXO I

**Convocatoria dos exames ordinarios de carácter libre ano 2018**

Matriculación: do 29 de xaneiro ata o 28 de febreiro de 2018, ambos inclusive

| TITULACIÓNS   | DATAS DOS EXAMES    | LUGAR DOS EXAMES   |
|---|---------------------|--|
| Mariñeiro/a pescador/a                              | 13 de abril de 2018 | Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo (avenida Beiramar 55, 36202 Vigo. Teléf.: 886 110825/886 110826)<br>Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (rúa 19 de Febreiro 30-34, 15405 Ferrol. Teléf.: 881 938212/881 938213)<br>Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira (rúa dos Estudantes 7, 15960 Ribeira. Teléf.: 881 866317/881 866324) |
| Patrón/a local de pesca<br>sección máquinas         | 09 de abril de 2018 | Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo<br>Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol  |
| Patrón/a local de pesca<br>sección ponte e común    | 10 de abril de 2018 | Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira  |
| Patrón/a costeiro/a polivalente<br>sección máquinas | 11 de abril de 2018 | Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo<br>Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol  |
| Patrón/a costeiro/a polivalente<br>sección ponte    | 12 de abril de 2018 | Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira  |